



EXAME PARA A CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO PARA A AULA DA RÍA ABEIRO DO PROGRAMA FO216: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN, DURANTE O ANO 2020

DATA 09/03/2021

NIF _____

SINATURA _____

O test consta de 12 preguntas. Cada pregunta acertada valorarase con 0,25 puntos e cada pregunta fallada descontará 0,10 puntos. A duración máxima será de 15 minutos.

Pregunta 1.- Segundo a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, o diferente alcance de protección nos bens integrantes do patrimonio arquitectónico ou industrial, pode clasificarse en:

- a) Protección integral, protección estrutural e protección ambiental.
- b) Protección integral e protección ambiental
- c) Protección integral, protección estrutural, protección paisaxística.

Pregunta 2.- É obriga da Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial:

- a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.
- b) Comunicar á Xunta de Galicia, calquera ameaza, perturbación ou dano do valor cultural que tales bens sufran.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

Pregunta 3.- En cumprimento da Lei do Patrimonio cultural de Galicia:

- a) Calquera persoa física ou xurídica, está lexitimada para actuar ante a Administración pública da Comunidade Autónoma en defensa do patrimonio cultural de Galicia.
- b) Calquera persoa pública ou privada, está lexitimada para actuar ante a Administración pública da Comunidade Autónoma en defensa do patrimonio cultural de Galicia.
- c) Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, está lexitimada para actuar ante a Administración pública da Comunidade Autónoma en defensa do patrimonio cultural de Galicia.



Pregunta 4.- O patrimonio cultural de Galicia esta constituído por:

- a) Bens mobles e inmobles.
- b) Bens mobles, inmobles e manifestacións inmateriais.
- c) Bens mobles, inmobles e manifestacións materiais.

Pregunta 5.- A efectos da lei do Patrimonio de Galicia, non se considera bens do patrimonio cultural inmaterial:

- a) A toponimia
- b) As tradicións e expresións orais
- c) A gastronomía

Pregunta 6.- Os bens e manifestacións inmateriais do patrimonio cultural de Galicia, en tanto non fosen declarados de interese cultural ou catalogados, inclúiranse para a súa documentación, estudo, investigación e difusión dos seus valores en:

- a) Censo do Patrimonio Cultural
- b) Censo de Patrimonio
- c) Rexistro de Patrimonio Cultural

Pregunta 7. -As rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco terán a consideración de :

- a) Bens catalogados
- b) Bens de interese cultural.
- c) Patrimonio inmaterial

Pregunta 8. - Son trazados principais das rutas dos Camiños de Santiago:

- a) Tramos históricos que permanecen en uso con características tradicionais.
- b) Tramos históricos documentados que se perderon física ou funcionalmente.
- c) Tramos alternativos de carácter cultural, ambiental ou de seguridade para as persoas usuarias.

Pregunta 9.- Integran o patrimonio artístico de Galicia :

- a) Os inmobles e os conxuntos destes, e as obras da arquitectura e da enxeñaría histórica ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e na súa caracterización cultural e sexan testemuño dunha época histórica ou dos cambios na forma de entendela.
- b) As manifestacións pictóricas, escultóricas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Galicia.



- c) As manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Galicia.

Pregunta 10.- Incluiranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia os pecios, os buques, as aeronaves, outros medios de transporte ou calquera parte deles, os seus cargamentos, as estruturas e construcións, os obxectos e os restos da actividade ou presenza humana e os obxectos prehistóricos, de interese para Galicia, que se afundisen con anterioridade a:

- a) 1900
- b) 1901
- c) 1936

Pregunta 11.- Son funcións dos museos:

- a) A conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada das coleccións
- b) A investigación no ámbito das súas coleccións, da súa especialidade ou do seu respectivo ámbito cultural.
- c) As resposta a) e b) con correctas

Pregunta 12. O establecemento de campamentos ou de calquera tipo de acampada colectiva ou individual no ámbito de tres metros a ambos os dous lados da traza dos Camiños de Santiago, a partir da súa liña exterior, considerase unha infracción:

- a) Leve
- b) Grave
- c) Moi grave



RESPOSTAS EXAME

PREGUNTA	RESPOSTA
1	A
2	C
3	C
4	B
5	C
6	A
7	B
8	A
9	C
10	B
11	C
12	A